



PROXECTO “RESTAURACIÓN DA BIODIVERSIDADE E DO ECOSISTEMA MARIÑO DA PRAIA DA XUNQUEIRA (ZONA D) (PE209H-2024-002)”

Este proxecto esta regulado pola ORDE do 29 de xullo de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2024 para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas a proxectos de rexeneración que permitan mellorar a produtividade dos bancos marisqueiros con problemas de perda de produción e que contribúan a unha mellora da xestión e conservación sustentables dos recursos mariños (código de procedemento PE209H. DOG núm. 156 do 13-08-2024.

Para a realización deste proxecto, se concedeu unha axuda **10.000,00 €** a Confraría de Pescadores San Martín de Moaña.

Obxectivo

Preténdese mellorar a produtividade, mellorar a diversidade específica e favorecer o recrutamento de bivalvos de interese marisqueiro no banco da Praia da Xunqueira VI-079.

Actividades executadas:

- Limpeza e remoción do substrato (2.016,81 m²). Diminuímos a descompactación do terreo e melloramos a oxixenación.
- Repoboación de 526.316,00 ud. ameixa xaponesa.

